

Contacto

Museo Etnolóxico. Ribadavia
mu.etnoloxico.ribadavia@xunta.gal
Telf.: 988 788 720

Museo Massó. Bueu
museo.massó@xunta.gal
Telf.: 886 151 101

Museo do Viño de Galicia. Ribadavia
mu.etnoloxico.ribadavia@xunta.gal
Telf.: 988 788 720

Museo de Belas Artes. A Coruña
mu.belas.artes.coruna@xunta.gal
Telf.: 881 881 700

Museo do Castro de Viladonga. Castro de Rei
museo.viladonga@xunta.gal
Telf.: 982 828 730

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
mapour@xunta.gal
Telf.: 988 788 439

Museo das Peregrinacións e de Santiago
informacion.mdperegrinacions@xunta.gal
Telf.: 881 867 315

Casa Museo da Fundación Camilo José Cela. Padrón
iriaflavia@fundacioncela.com
Telf.: 981 812 425

Museo do Mar de Galicia. Vigo
museodomar@xunta.gal
Telf.: 986 247 750

Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC). Santiago de Compostela
cgac@xunta.gal
Telf.: 981 546 619

Está pensando en facer unha doazón aos museos xestionados pola Xunta de Galicia?



Moitas grazas por pensar nos museos xestionados pola Xunta de Galicia como posibles custodios dos seus bens patrimoniais.

Unha doazón implica un cambio de titularidade, é dicir, os bens doados deixan de ser da súa propiedade e, neste caso, pasan a ser propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os museos reciben moitas ofertas de doazóns. Lamentablemente, non podemos aceptar todo o que se nos ofrece. Se ten algún ben patrimonial que cre que pode ser axeitado para formar parte das nosas coleccións, pode contactar cos nosos museos. É importante non levar nin enviar directamente aos centros ningún ben sen falar antes co seu persoal.

Como ofrecer unha doazón?

Necesitamos saber o máximo posible sobre os bens ofertados.

Non acuda directamente ao museo cos bens, xa que estes deben ser avaliados, antes da súa aceptación, polo persoal técnico do centro.

Para axilizar esta avaliación, debe indicarnos todo o que saiba sobre o ben que queira doar (medidas, materiais, data) e, moi importante, a forma de adquisición deste.

Sería desexable incluír a súa descrición e fotografías. Envíe toda a información da que dispoña ao correo do centro onde queira facer a doazón (os correos dos centros xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia figuran ao final do texto).

A súa oferta será valorada polo persoal dos centros, que contactará con vostede para transmitirllle o resultado. O museo poderá solicitar unha cita presencial para examinar o ben, no lugar onde estea ou no propio museo.

Factores que poden influír na decisión de aceptar ou non unha doazón

Cada museo posúe unhas prioridades específicas á hora de incrementar as súas coleccións para que estas medren de maneira lóxica e ordenada. Algunhas doazóns non responden a estas prioridades.

Tamén pode suceder que xa teñamos obxectos semellantes nas coleccións e non sexa pertinente incorporar máis de características parecidas.

Así mesmo, é posible que non sexa aconsellable aceptar unha doazón se os bens se atopan en malas condicións de conservación ou se poñen en risco as coleccións xa existentes (por exemplo, pezas que presenten infestacións de insectos).

Non é posible aceptar bens dos que non se pode acreditar a súa propiedade lexítima. Tampouco é posible aceptar doazóns condicionadas.

A non ser que existan motivos imperiosos e lexítimos, non se aceptarán doazóns que conteñan materiais perigosos (por exemplo, obxectos que conteñan amianto, material explosivo ou facilmente inflamable, venenoso, potencialmente cancerixeno ou radioactivo).

O noso espazo é limitado, polo que as pezas voluminosas ou os conxuntos serán valorados coidadosamente antes de seren aceptados. Se procede, poderase propoñer unha aceptación parcial.

Aceptación da doazón

Se a doazón se considera axeitada para os fins do museo, haberá que levar a cabo o seguinte procedemento de actuación, que se tramitará desde a consellería competente en materia de cultura:

- Solicitud no modelo normalizado.
- Informe favorable do Consello Superior de Bens Culturais de Interese para Galicia.
- Orde de aceptación da consellería competente en materia de cultura e resolución da Dirección Xeral de Cultura.

Unha vez aceptada a doazón, o ben doado formará parte da colección do museo e quedará protexido polo marco xurídico de xestión, protección, difusión e investigación aplicable aos museos xestionados pola Comunidade Autónoma.

Ofertas non pactadas

As ofertas non pactadas son as doazóns que se entregan ou envían sen mediar conversa ou cita previa co persoal técnico.

Estas ofertas imprevistas non se aceptarán.

O museo non incorporará ás súas coleccións os materiais que cheguen deste xeito.

Servizos de taxación e identificación

En consonancia cos códigos éticos definidos polo Consello Internacional de Museos (ICOM), non podemos divulgar as valoracións económicas das coleccións nin ofrecer un servizo profesional de taxación para bens de terceiros.

